


MAQUETA PISTÓN MÁQUINA VAPOR_



Clasificación: Equipamento didáctico tecnoloxía

Datación: Medios S. XX

Material: Ferro, aluminio, estaño e madeira.

Medidas: Base: 450 x 195 mm, Cilindro: Lonxitude 125 mm, Roda: 134 mm

Firmas/Marcas: *EIMLER - BASANTA - HAASE (S.L.). MADRID*

Uso/Función: Estudiar o movemento do pistón ou cilindro de distribución da máquina de vapor. O cilindro de distribución é a base dos primeiros motores.

Principio de funcionamento: A presión do vapor de auga despraza ó pistón. Consta dunha roda con manivela, que xira en torno a un eixo e que, a través dunha biela, transforma o movemento xiratorio en movemento de vaivén do pistón. O cilindro aberto lonxitudinalmente alberga o pistón e pode observarse o seu movemento e explicar o funcionamento:

- O cilindro recibe o vapor de auga quente e empuxa o pistón facendo xirar a roda media volta.
- No extremo do seu movemento, o pistón deixa a saída de gases aberta e sae o vapor, volvendo o pistón á posición inicial e a roda xira outra media volta.
- Este movemento repítese periódicamente facendo xirar a roda.

Tamén ten dous tubiños dos cales un corresponde ó vapor a presión e outro ó vapor que vai ó condensador.